

entroido

PASARRÚAS
DESFILE
SERÁN
OBRADOIROS
FILLOAS
CONCURSO



CONCELLO
DE ZAS



& entroido &

Xa vén o Entroido!

Podense escoitar ao lonxe os arrechoucíos das campaniñas dos peliqueiros... dos xenerais... das pantallas... dos cigarróns... agardando, como os maquis doutroa, como os proscritos contra o feudalismo, a súa baixada hacia ás vilas.

Podemos sentir o remexido de roupas, difraces, máscaras e demais trebellos nos roupeiros e arcóns dos faiados...

Xa case que damos cheirado os arrecendos cos que os nosos pratos serán coroados... o lacón con grelos... as fourellas, as filloas... ou filloas... ou freixoas... mil e un nomes nesa ricura polisémica do galego.

Xa vén o Entroido!

De arriba cara abaixo... do monte á vila... do faiado á rúa... do pote e da tixola para o prato e a mesa.

Chega dun xeito inesperado...nunca o mesmo día ao ano... bailando... coma os nosos corpos... ao son da gaita no Hío, en Laza, en Verín... ao son da comparsa choqueira na Coruña... en Pontevedra...en Ferrol... e ao grande en Zas!

Que non se perda este Entroido!

Que "San Carnal", o trasno da abundancia, do hedonismo, da crítica, da sátira, o maldizer nos posúa durante varios días, cantos máis mellor!!! Por iso propoñemos un auténtico festival de Entroido no que os máis pequenos e pequenas sexan os protagonistas, dinamizando o comercio local, xerando riqueza, dinamizando as rúas e prazas, e deseñando diversas experiencias de Entroido para toda a familia nas localidades de Zas e Baio.

entroido



CONCELLO
DE ZAS

DOMINGO 20 DE FEBREIRO

PASARRÚAS E CANTOS DE TABERNA 11:30H (FEIRA DE BAI0) CO GRUPO "GAITEIROS DESBROSADORES" E NELSON QUINTEIRO.

SÁBADO 26 de FEBREIRO

DESFILE ANCESTRAL DE ENTROIDO POLAS RÚAS DE BAI0 17:30H COS GRUPOS "GAITEIROS DESBROSADORES", "GAITEIROS DAS RÍAS BAIXAS" E O COLECTIVO "MAIS CANTOS"

SERÁN DE ENTROIDO 18:30H (PRAZA JORGE MIRA) COS GRUPOS DO DESFILE E A DINAMIZACIÓN DO GRUPO "TABERNARIOS TRÍO"

OBRADOIROS DE ENTROIDO

LUNS 28 de FEBREIRO de 11 a 13h. CENTRO SOCIOCULTURAL DE ZAS

MARTES 1 de MARZO de 11 a 13h. CENTRO SOCIOCULTURAL DE BAI0

Nenas/os de 4 a 12 anos INSCRICIÓN OBRIGATORIA

MARTES DE ENTROIDO

NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE ZAS 16H

FILLOAS Á PEDRA PEQUENO CABARÉ INFANTIL

CONCURSO DE DISFRACES 19H

PREMIOS

Cat. A (0-5 anos)

1º Premio: 150€ 2º Premio: 75€ 3º Premio: 50€

Cat. B (6-14 anos)

1º Premio: 150€ 2º Premio: 75€ 3º Premio: 50€

Cat. C (+ de 15 anos)

1º Premio: 250€ 2º Premio: 150€ 3º Premio: 100€

Cat. D (Grupos)

1º Premio: 300€ 2º Premio: 200€ 3º Premio: 100€

PREMIO ESPECIAL- "ZASCHOQUEIRO": 100€

Bases en www.concellodezas.org

Filloas á pedra para todos/as e... moita festa!!!

+ Info e inscricións: 981 751 398 981 718 056

entroido



PASARRÚAS E PASATABERNAS DE ENTROIDO

DOMINGO 20 DE FEBREIRO
11:30 h FEIRA DE BAI0

Un animado **pasarrúas** musical e de animación que percorrerá a **feira do domingo en Baio** e animará as zonas de **hostelería e terraceo na hora do vermut** ao son de **alegres muiñeiras, pasodobles, rumbas e foliadas**.

Nel, un animador moi especial caracterizado como se ve na imaxe acompañará á charanga tradicional **"Gaiteiros Desbrosadores"** (gaitas, acordeón, saxo, percusión, charrancos, e outros elelentos) portando **máscaras e instrumentos ancestrais, roupa e maquillaxe de fantasía de inspiración tradicional** e elementos que entroncan directamente co Entroido.

SÁBADO 26 DE FEBREIRO
17:30 h RÚAS DE BAILO



DESFILE ANCESTRAL DE ENTROIDO

Un desfile de inspiración tradicional e popular ao son de gaitas e tambores, música tradicional e cantos populares para o que mobilizamos un autobús cargadiño de artistas.

Caracterizados de branco como base, cores vivas nos adornos e complementos, **estandartes de entroido**, **charrascos**, **ramas de loureiro** e **máscaras de todo tipo**, ofrecemos unha proposta moi visual na que non faltan os **cabezudos** ou os **estandartes de Entroido**.

Unha **experiencia festiva e inspiradora** para os seus participantes que entronca co imaxinario colectivo do Entroido, pero tamén das festas e romerías.

SÁBADO 26 DE FEBREIRO
18:30 h PRAZA JORGE MIRA



SERÁN DE ENTROIDO

Como colofón final ao desfile de Entroido, e botando peito de todo o talento dos artistas que formarán parte do mesmo, pensamos en organizar un **colorido serán ou festa final** ao remate do desfile, onde teremos xa instalado un equipo de luz e son de cara a que desfilen polo escenario os diferentes grupos: **Gaiteiros Desbrosadores**, **Gaiteiros das Rías Baixas**, Colectivo **Mais Cantos**, e fechando a festa o concerto escénico de **Nelson Quinteiro** e o seu trío "**Tabernarios**", un animado concerto popular a cabalo do acordeón, a gaita, o ukelele e a percusión con un repertorio de todos coñecido e pensado especialmente para que todas e todos acabemos cantando e trazando así unha "experiencia de vibración conxunta".

entroido

MÁSCARAS E RECICLAXE

LUNS 28 DE FEBREIRO
11:00 h CENTRO
SOCIOCULTURAL
DE ZAS



Duración do obradoiro: 120 minutos

Idade: De 4 a 12 anos (orientativo)

Dinamizado por: 1 monitora titulada en Belas Artes, un asistente

Aforo: Máximo 15 participantes

Necesidades: Dende a organización do obradoiro apórtanse todos os materiais que comporán a construción das máscaras.

+ Info e inscricións: 981 751 398

981 718 056

DESCRIPCIÓN:

Creación colectiva de todo tipo de máscaras a partir de elementos vexetais, refugallos ou elementos de reciclaxe. Emprego da imaxinación e creatividade para deseñar unha máscara que permita a creación do propio disfraz a partir de conceptos como a reciclaxe, a sostibilidade e a capacidade creativa.

entroido

MÁSCARAS PELIQUEIRO EN GOMA EVA

MARTES 1 DE MARZO
11:00 h CENTRO
SOCIOCULTURAL
DE BAIÓ



Duración do obradoiro: 120 minutos

Idade: De 4 a 12 anos (orientativo)

Dinamizado por: 1 monitora titulada en Belas Artes, un asistente

Aforo: Máximo 15 participantes

Necesidades: Dende a organización do obradoiro apórtanse todos os materiais que comporán a construción das máscaras.

+ Info e inscricións: 981 751 398
981 718 056

DESCRIPCIÓN:

Construcción de máscaras de peliqueiro por medio dun material tan versátil como a goma Eva, personalizando os deseños para cada participante e aportando as pautas para todo tipo de acabados e posibilidades do material.



CONCURSO DE DISFRACES

MARTES 1 DE MARZO
DENDE AS 16:00 h
PABILLÓN
MUNICIPAL DE ZAS

Dende as 16:00 h do martes 1 de marzo o Pabillón Municipal de Zas convertirase nunha festa con **FILLOAS Á PEDRA** e animación con pintacaras, xogos, **PEQUENO CABARET INFANTIL** e demais sorpresas.

O broche final será ás 19:00 h coa entrega dos premios do **CONCURSO DE DISFRACES** na que están en xogo os seguintes **PREMIOS**:

Cat. A (0-5 anos)-	1º Premio:150€	2º Premio: 75€	3º Premio: 50€
Cat. B (6-14 anos)-	1º Premio:150€	2º Premio: 75€	3º Premio: 50€
Cat. C (+ de 15 anos)-	1º Premio:250€	2º Premio: 150€	3º Premio: 100€
Cat. D (Grupos)-	1º Premio:300€	2º Premio: 200€	3º Premio: 100€

PREMIO ESPECIAL- "ZASCHOQUEIRO": 100€

Bases en www.concellodezas.org

Filloas á pedra para todos/as e... moita festa!!!

+ Info e inscricións: 981 751 398 981 718 056



PEQUENO CABARET INFANTIL

MARTES 1 DE MARZO
19:00 h PABILLÓN
MUNICIPAL DE ZAS



Dinamización do concurso de disfraces e comparsas por medio de Pedriño Mendrugo, o protagonista do espectáculo **“Pequeno Cabaret Infantil”**, un orixinal espectáculo para nenos e nenas de todas as idades que encaixa xenial co espírito do **Entroido** polo seu carácter **colorido e crítico**.

A montaxe consiste en a instalación dun **vistoso teatrillo** na túa rúa, praza ou teatro, a modo de unha **barraca de feira ou de circo antigo** e no que o mestre de cerimonia **"Pedriño Mendrugo"** e a súa pulga internacional **"Jacinta Florette"** farán as delicias dos máis pequenos e tamén dos máis crecidos transformando algúns **contos populares** desde un punto de vista moito máis **cómico e actual**.

Un espectáculo con un **ritmo frenético**, moita interacción co público, sorpresas, cancións, coreografías e un carácter moi **tenro e entrañable**.

O espectáculo será desfragmentado para dar paso ós diferentes participantes do concurso, namentres se ofrecen diferentes fragmentos e contos dinamizados e participativos dos que está formado o espectáculo.



CONCELLO
DE ZAS

entroido

¿Vémonos en Zas?

PASARRÚAS
DESFILE
SERÁN
OBRADOIROS
FILLOAS
CONCURSO